

ADDENDA TERCEIRA AO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, CIENCIA, UNIVERSIDADES E FORMACIÓN PROFESIONAL E O CONCELLO DE VILALBA PARA A XESTIÓN DO SERVIZO DE COMEDOR ESCOLAR NUN CENTRO EDUCATIVO DO CONCELLO

REUNIDOS

Dunha parte, Román Rodríguez González, conselleiro de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional, que, en virtude do seu nomeamento mediante o Decreto 44/2024, do 14 de abril, actúa de conformidade coas facultades que lle atribúe o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa presidencia.

Doutra, Marta María Rouco Seoane, alcaldesa-presidenta do concello de Vilalba, que actúa en nome e representación deste, en virtude das competencias que ten recoñecidas no artigo 21.1 da Lei 7/1985, do 7 de abril, reguladora das bases do réxime local.

EXPOÑEN

I.- Que con data do 29 de xullo de 2022 a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades (agora denominada Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional) asinou un convenio de colaboración co Concello de Vilalba para a xestión do comedor escolar no centro educativo EEI de Vilalba con vixencia para os cursos escolares 2022/2023 e 2023/2024. Con data do 17 de agosto de 2023 asinouse unha addenda incrementando a axuda concedida ao Concello de Vilalba no convenio de colaboración asinado o 29 de xullo de 2022, como consecuencia da subida dos produtos básicos, da electricidade, gas e demais elementos que configuran os gastos dos comedores escolares durante o curso escolar 2023/2024.



Con data do 17 de novembro de 2023 asinouse unha segunda addenda pola ampliación do número de comensais ata un máximo de 67 usuarios no comedor escolar da EEI de Vilalba no Concello de Vilalba durante o curso escolar 2023/2024

II.- Que tendo en conta os bos resultados acadados, a Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional considera de interese público dar continuidade á colaboración iniciada, no seu día, co Concello de Vilalba, co fin de favorecer a conciliación da vida familiar e laboral, contribuíndo á vez a fomentar a adquisición de hábitos nutricionais e hixiénicos saudables polos escolares.

III.- Que as necesidades de uso do servizo de comedor escolar que motivaron o asinamento do convenio manteñen a súa vixencia para os cursos escolares 2024/2025 e 2025/2026.

IV.- Que a cláusula décimo cuarta do citado convenio regula a súa vixencia, dispoñendo que estará vixente ao longo dos cursos escolares 2022/2023 e 2023/2024, podendo acordarse, de xeito expreso, polas partes asinantes, antes da súa finalización, a súa prórroga por cursos escolares, cunha duración máxima de catro anos, ao abeiro do disposto no artigo 49.h) da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

De acordo co todo anterior, a Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional e o Concello de Vilalba, conscientes da importancia que para moitas familias do concello supón o comedor escolar como medio de conciliación da súa vida laboral e familiar, de acordo co previsto no artigo 2.1 d) do Decreto 132/2013, do 1 de agosto, consideran adecuado a sinatura dunha addenda ao convenio de colaboración para a xestión do comedor escolar no centro educativo EEI de Vilalba para un total de 75 usuarios máximos autorizados previstos, con suxeición ás seguintes

CLÁUSULAS

Primeira.- Obxecto

Constitúe o obxecto desta addenda, extender a vixencia do convenio asinado o 29 de xullo de 2022, durante os cursos escolares 2024/2025 e 2025/2026.

Segunda.- Financiamento da consellería

A consellería comprométese a colaborar economicamente na xestión e organización do servizo de comedor escolar no centro educativo EEI de Vilalba, mediante unha achega económica de



58.740,00 €, con cargo á aplicación orzamentaria 37.01.423A.460.0 dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia, dividida nas seguintes anualidades e importes:

Ano 2024: 9.240,00 €

Ano 2025: 29.370,00 €

Ano 2026: 20.130,00 €

Terceira.- Publicidade e rexistro da addenda terceira. Consentimento para a publicidade de datos persoais

O réxime de publicidade desta addenda será o establecido na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno. A sinatura da addenda leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos e a referida publicidade.

Asemade procederase a inscrición desta addenda no Rexistro de Convenios, de conformidade co establecido no artigo 5 do Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia.

Coa sinatura desta addenda as partes asinantes prestan o seu consentimento para incluír e facer públicos os datos a través do Portal de Transparencia e Goberno Aberto.

Cuarta.- Condicións

Esta addenda rexerese polas condicións estipuladas no convenio do que trae causa, formando parte integrante do mesmo, sen prexuízo da aplicación para os cursos escolares 2024/2025 e 2025/2026 do financiamento establecido na cláusula segunda da presente addenda.

En proba de conformidade, asínase esta terceira addenda na data da súa sinatura dixital

O conselleiro de Educación, Ciencia
Universidades e Formación Profesional
O secretario xeral técnico
P.D. (Orde do 29.7.2022)
Manuel Vila López

A alcaldesa presidenta do Concello de Vilalba

Marta María Rouco Seoane

